



MEMORIA XUSTIFICATIVA

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para a formación en lingua galega para o ano 2020

Antecedentes

En cumprimento do que estable a Constitución española sobre a cooficialidade das linguas galega e española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, os poderes públicos deben adoptar as medidas necesarias para conseguir a normalización da lingua galega e potenciar o seu emprego en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa. A citada lei contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público. Así mesmo, o seu artigo 7 fai referencia explícita á utilización do galego pola Administración de xustiza e sinala que “a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza”.

Por outra banda, o Plan de xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contempla como grandes obxectivos referidos á Administración o de asegurar que nas administracións autonómica e local o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, entre as administracións e coa cidadanía, así como o de incrementar o seu uso na Administración de xustiza e na Administración periférica do Estado en Galicia.

Razóns de oportunidade

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Correspóndelle, entre outras funcións, a “coordinación e xestión das actividades de formación e promoción da lingua galega, así como a autorización e homologación de cursos, seminarios, encontros e congresos de formación de lingua galega e/ou de linguaxes específicas, e a xestión das certificacións de aptitude ao





alumnado, cando proceda" (artigo 14 do Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica desta consellería).

A Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, establece entre os seus fins a realización de cursos de formación do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, así como a difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica.

Neste senso, os departamentos do Goberno galego con competencias en materia de normalización lingüística e de formación de persoal, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) consideran fundamental continuar coa accións formativas do idioma galego para que o persoal da administración pública se forme e se actualice no seu coñecemento, de cara a súa adecuada utilización normativa nas súas actividades orais e escritas. Por isto, as dúas partes queren asinar un convenio de colaboración para levar a cabo no ano 2020 un programa de actuacións formativas en lingua galega destinadas á formación do persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como do persoal da Administración de xustiza e do persoal de administración e servizos do sistema universitario galego.

Obxectivos

O dominio da lingua galega é unha esixencia para o persoal da Administración que desempeña as súas funcións en Galicia. Á Xunta de Galicia, no marco da súa política de promoción e normalización lingüística, correspóndelle impulsar o proceso de incorporar a lingua galega no ámbito da Administración pública en Galicia. Para conseguir este obxectivo é preciso promover, organizar e levar a cabo os plans de formación e capacitación en galego do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.

Un dos obxectivos específicos desta actuación é conseguir que o galego sexa a lingua xeral de referencia na Administración pública da Comunidade Autónoma e na Administración de xustiza. Para iso, será preciso mellorar, reforzar e actualizar os recursos destinados ao persoal ao servizo destas administracións, de xeito que poidan desenvolver





con maior eficacia o seu traballo en galego e a súa capacidade lingüística. Cómpre, xa que logo, impulsar o proceso de incorporación do galego na Administración e xeneralizar o seu uso como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.

Con esta finalidade, é preciso programar novos procesos de formación lingüística e de actualización técnica para tratar de mellorar a fluidez expresiva e o coñecemento dos vocabularios do persoal que presta servizos nas administracións.

De acordo co exposto, a Consellería de Cultura e Turismo pretende colaborar coa EGAP para o desenvolvemento dun total de 31 cursos de linguaxes específicas -linguaxe administrativa galega e linguaxe xurídica galega, niveis medio e superior- para os colectivos que forman parte do seu Plan de formación.

Colaboración

A colaboración entre as dúas partes organízase do seguinte xeito:

A Consellería encargárase do seguinte:

- Designación e contratación do profesorado encargado de impartir os cursos de entre as persoas que se atopen na situación de execución provisional e/ou firme da sentenza como persoal laboral indefinido non fixo da Consellería de Cultura e Turismo.

A EGAP encargárase do seguinte:

- Programación específica dos cursos de acordo coas necesidades de formación do persoal ao servizo das Administracións autonómica e de xustiza, e elección das localidades, horarios, lugares e modalidades, de ser o caso, onde se van impartir os cursos.

- Selección do alumnado asignado a cada curso de acordo cos seus propios criterios de selección e coa oferta de prazas dispoñibles.

Financiamento





A Consellería asumirá o financiamento e a xestión dos gastos do profesorado de nove cursos por un importe de 43.524,18 euros, con cargo ás aplicacións 11.40.151A.133.00 e 11.40.151A.160.33 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A Consellería asumirá tamén a xestión do gasto do profesorado dos restantes cursos (vinte e dous), para o que a EGAP lle efectuará unha transferencia de crédito por un importe de 106.392,44 euros.

A EGAP asumirá o financiamento dos gastos do profesorado de vinte e dous cursos por un importe de 106.392,44 euros, así como o financiamento e a xestión dos gastos de coordinación correspondentes aos trinta e un cursos a impartir por un importe de 9.300 euros, con cargo á aplicación 05.80.122B.226.17 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Natureza xurídica

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa S. Roque, 2
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 881996302
www.lingua.gal



De acordo co exposto, considérase necesario e oportuno subscribir este convenio, que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

